Cada unha destas probas de recuperación será sobre os contidos e exercicios prácticos pertencentes a 1ª, 2ª e 3ª avaliación respectivamente. O resultado destas probas de recuperación será ponderado nun 70% sobre o total da cualificación. O restante 30% da cualificación para poder recuperar a parte ou partes pendentes, serán as entregas de traballos e exercicios que se fagan ó longo dos trimestres pendentes.

Para poder superar positivamente os trimestres pendentes será necesario que o alumno obteña un 50% en cada unha das 2 partes nas que se divide a cualificación (proba práctica por unha banda e exercicios e traballos por outra). A non entrega dos exercicios e traballos pendentes, imposibilitará a obtención positiva da cualificación. A calificación estará formada pola suma obtida en ambas probas.

En xuño realizarase un exame final cos contidos pendentes dos diferentes trimestres, para aqueles alumnos que non superaran nin recuperaran algunha avaliación ou que non superaran ou recuperaran ningunha das avaliacións (nesta proba final, examinaráanse unicamente das avaliacións non superadas, salvo os que teñan pendentes todas as avaliacións, que deberán superar os contidos de todo ó módulo). Os alumnos superarán o módulo se obteñen unha cualificación de 5 sobre 10 nesta proba, e se entreguen todos os exercicios e traballos propostos polo profesor ó longo do curso.

Para iso iráselles entregando ao longo do curso as seguintes actividades, e que no caso de ter algún trimestre pendente, terán que volver a entregar:

Actividades de repaso dos conceptos e procedementos.

Elaboración de mapas conceptuais e esquemas.

Realización de casos prácticos.

Traballos individuais.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para ó alumnado con perda ó dereito á avaliación continua, que será aquel que supere ó 10% de faltas de asistencia non xustificadas sobre a duración total do módulo, a avaliación final extraordinaria do módulo consistirá na realización de varias probas co obxectivo de comprobar que este acade os contidos mínimos recollidos nesta programación.

As probas que deberá realizar serán as seguintes:

- Unha proba escrita na que o alumno/a debe demostrar a adquisición dos contidos incluídos nas distintas unidades didácticas así como exercicios prácticos que se inclúen nesta programación.
- Realización dunhas actividades, que deberán ser previamente entregadas a profesora e que serán tamén avaliadas.

Para superar o módulo, o alumnado deberá acadar un mínimo de cinco puntos sobre dez en cada unha das dúas partes (70% será a ponderación da proba escrita e o 30% a entrega de exercicios e traballos

propostos polo profesor ó longo de todo o curso).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente, o profesor rexistrará diariamente, ó longo de todo o curso, todo o feito durante a clase (explicacións teóricas, exercicios, prácticas, actividades de avaliación) na propia programación para cada unidade didáctica. Isto vai permitir observar a facilidade ou dificultade coa que o alumnado acaden os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación previstos no módulo e poder flexibilizar a programación de cara a cursos posteriores, podendo variar aspectos como a secuencia, profundidade e tempo asignado a cada unidade didáctica.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación do alumnado dos ciclos de formación profesional básica terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas. Avaliación inicial. Ao comezo do curso realizarase co alumnado unhas cuestións orais e/ou escritas sobre aspectos básicos relacionados co módulo. Esta proba vai servir para coñecer o punto de partida do alumnado. Hai que ter en conta, que a súa formación inicial nos contidos que se van a impartir é algúns casos non existe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As diferenzas existentes entre os distintos alumnos/as son evidentes: as características persoais, a súa forma de motivarse para optimizar o seu proceso de ensino-aprendizaxe, as súas capacidades intelectuais, e ata o seu contorno familiar, son factores que poden contribuir ao éxito ou fracaso.

Estes factores deben ser tidos en conta garantindo, na medida das nosas posibilidades, que todos adquiran os resultados de aprendizaxe mediante a realización de distintas actividades, a utilización doutros materiais didácticos e o apoio individual durante o desenvolvemento das mesmas, naqueles casos que sexa necesario.

Intentarase tamén, en algúns casos, flexibilizar o ciclo de formación profesional básica para que o alumnado co necesite, faga o ciclo en tres anos.

Tamén se lle proporcionará material extra, outras fontes onde se expoñen os contidos, bibliografía complementaria e boletíns de actividades de reforzo.

Para os traballos en grupo intentarase que colaboren con compañeiros/as aos que lle custe acadar os obxectivos para contrastar ideas e resolver dúbidas.

Todo isto será de aplicación cando o alumno preste atención e mostre interese polo aprendizaxe do impartido no módulo.

O alumno/a que reciba estas medidas de reforzo educativo, ao final do módulo profesional, deberá demostrar, igual que o resto dos alumnos, que acadou os contidos mínimos esixibles para lograr a avaliación positiva e os criterios de cualificación esixibles.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

En primeiro lugar, en cada actividade inclúense precaucións e recomendacións para tomar as medidas de seguridade e hixiene que sexan necesarias. O manexo do computador entraña riscos, principalmente para a vista e para as costas, sen esquecer os riscos psicolóxicos derivados do seu abuso.

Ademais ao alumno váiselle a valorar a organización do seu posto de traballo e das actividades que realiza.

Co obxectivo dunha educación non sexista o profesor evitará comportamentos que se deriven da asignación de roles en función do sexo do alumno á hora de repartirse as tarefas.

Outros puntos a tratar son:

¿ Fomento da reciclaxe, tanto en material escolar como en material informático.

¿ Consideración das leis de protección de datos.

¿ Educación para o consumidor: Comercio Electrónico; as actualizacións de software online melloran as posibilidades do Consumidor/Distribución de software a través da rede.

¿ Educación moral e cívica: respecto polas leis de ordenación.; toma de medidas para a seguridade da rede fronte a intrusos, actos de vandalismo, Hackers, etc.; utilización de redes, servizos de información e bases de datos públicas .

Educación para o traballo: técnicas de intercambio de información corporativa, Intranet/Internet.

Educación en valores Democráticos.

. Educación para a igualdade de oportunidades.

. Educación para a paz.

. Educación ambiental.

. Educación moral e cívica.

Educación para a saúde.

Educación sexual.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse en función da integración do alumnado. De ser así:

Visita a Correos Oficina principal de Santiago.

Visita o Instituto galego de consumo

Banco de alimentos

Visita o Concello de Compostela.

Visita a Coca Cola en A Coruña.

Visita a GADISA en Betanzos.

Ver películas adaptadas ó perfil do alumnado na Sala NUMAX, en Santiago de Compostela.

Obras de teatro de interese para o alumnado que se celebren no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Outras que xurdan o longo do curso.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CBADG11	Servizos administrativos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3004	Arquivamento e comunicación	2023/2024	5	146	174
MP3004_12	Reprografía e arquivamento	2023/2024	5	73	87
MP3004_22	Comunicación telefónica e protocolo	2023/2024	5	73	87

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSEFA VICTORIA TRIGO GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Perfil profesional

Competencia xeral do título

A competencia xeral do título profesional básico en Servizos Administrativos consiste en realizar tarefas administrativas e de xestión básica, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais, de seguridade e hixiene no traballo, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

Competencia do título

As competencias profesionais, persoais e sociais, e as competencia para a aprendizaxe permanente do título de profesional básico en Servizos Administrativos son as que se relacionan:

- a) Preparar equipamentos e aplicacións informáticas para levar a cabo a gravación, o tratamento e a impresión de datos e textos, asegurando o seu funcionamento.
- b) Elaborar documentos mediante as utilidades básicas das aplicacións informáticas dos procesadores de textos e follas de cálculo, aplicando procedementos de escritura ao tacto con exactitude e rapidez.
- c) Realizar tarefas básicas de almacenamento e arquivamento da información e documentación en soportes dixital e convencional, de acordo cos protocolos establecidos.
- d) Realizar labores de reprografía e encuadernamento básico de documentos, de acordo cos criterios de calidade establecidos.
- e) Tramitar correspondencia e paquetería interna ou externa, utilizando os medios e os criterios establecidos.
- f) Realizar operacións básicas de tesouraría, utilizando os documentos axeitados en cada caso.
- g) Recibir e realizar comunicacións telefónicas e informáticas transmitindo con precisión a información encomendada segundo os protocolos e a imaxe corporativa.
- h) Realizar as tarefas básicas de mantemento do almacén de material de oficina, preparando os pedidos que aseguren un nivel de existencias mínimo.
- i) Atender á clientela utilizando as normas de cortesía e demostrando interese e preocupación por resolver satisfactoriamente as súas necesidades.
- j) Resolver problemas predicibles relacionados cos ámbitos físico, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas e sociais.
- k) Actuar de xeito saudable en contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.
- l) Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental, diferenciando as consecuencias das actividades cotiáns que poidan afectar o equilibrio do ambiente.
- m) Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e a da comunicación.
- n) Actuar con respecto e sensibilidade á diversidade cultural, o patrimonio histórico artístico e as manifestacións culturais, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.
- ñ) Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega e castelá.
- o) Comunicarse en situacións habituais de carácter laboral, persoal e social, utilizando os recursos lingüísticos básicos en lingua estranxeira.
- p) Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir da información histórica e xeográfica ao seu dispor.
- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.

- r) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.
- s) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.
- t) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.
- u) Cumprir as normas de calidade e de accesibilidade e deseño universais que afectan a súa actividade profesional.
- v) Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa actividade profesional
- w) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título:

a) Operacións auxiliares de servizos administrativos xerais, ADG305_1 (Real decreto 107/2008, do 1 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia relacionadas co módulo Arquivo e comunicación:

1. Cualificacións profesionais completas:

- UC0970_1: Transmitir e recibir información operativa en xestións rutineiras con axentes externos da organización.

- UC0971_1: Realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivamento en soporte convencional ou informático

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Reprografía de documentos	Realización de labores de reprografía en encadernado básico de documentos	43.5	25
2	Arquivo de documentos	Realización de tarefas básica de almacenamento e arquivo de información e documentación, tanto en soporte dixital como convencional	43.5	25
3	Comunicación telefónica no ámbito profesional	Realización e recepción de comunicación telefónicas transmitindo con precisión a información encomendada	43.5	25
4	Protocolo de recepción de persoas externas á organización	Atención á clientela, utilizando normas de cortesía e demostrando interese e preocupación por resolver satisfactoriamente as súas necesidades	43.5	25

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Reprografía de documentos	43.5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza labores de reprografía de documentos e valora a calidade do resultado obtido	SI
RA2 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados dos labores de reprografía	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Diferenciáronse os equipamentos de reprodución e encadernación
CA1.2 Relacionáronse as modalidades de encadernación básica
CA1.3 Recoñecéronse as anomalías máis frecuentes nos equipamentos de reprodución
CA1.4 Obtivéronse as copias necesarias dos documentos de traballo na calidade e na cantidade requiridas
CA1.5 Cortáronse os documentos e adaptáronse ao tamaño requirido, utilizando ferramentas específicas
CA1.6 Observáronse as medidas de seguridade requiridas
CA1.7 Encadernáronse documentos utilizando métodos básicos (grampaxe, encanutaxe, etc.)
CA1.8 Púxose especial coidado en manter a correcta orde dos documentos encadernados
CA1.9 Plastificáronse documentos de distinto tamaño e grosor

Criterios de avaliación

CA1.10 Púxose interese en manter en condicións de funcionamento óptimo os equipamentos utilizados

CA2.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento dos labores de reprografía

CA2.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito nos labores de reprografía

CA2.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada cos labores de reprografía

4.1.e) Contidos
Contidos

Equipamentos de reprodución de documentos. Multicopista: concepto e clases. Fotocopiadora: concepto, características, cadro de control e carga de papel.

Identificación das anomalías máis frecuentes nos equipamentos de reprodución.

Mantemento, limpeza e precaucións cos equipamentos de reprodución.

Reprodución de documentos.

Ferramentas de encadernación básica.

Utilización de ferramentas de corte de documentos (cisalla, guillotinas, etc.).

Plastificadoras de documentos: definición.

Medidas de seguridade.

A persoa emprendedora nas labores de reprografía.

Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nos labores de reprografía.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada cos labores de reprografía.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Arquivo de documentos	43.5

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Arquiva documentos convencionais utilizados nas operacións comerciais e administrativas, tendo en conta a relación entre o tipo de documento e a súa situación ou o seu destino	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os tipos de arquivamento
CA3.2 Descríbense os criterios utilizados para arquivar
CA3.3 Indícanse os procesos básicos de arquivamento
CA3.4 Arquiváronse documentos en soporte convencional seguindo os criterios establecidos
CA3.5 Accedeuse a documentos previamente arquivados
CA3.6 Distinguíuse a información fundamental que deben incluír os documentos comerciais e administrativos básicos
CA3.7 Rexistráronse os documentos administrativos básicos
CA3.8 Comprobouse a veracidade e a corrección da información contida nos documentos
CA3.9 Elaboráronse os rexistros de xeito limpo, ordenado e preciso
CA3.10 Valorouse o emprego de aplicacións informáticas na elaboración dos rexistros

4.2.e) Contidos

Contidos
Arquivamento convencional. Tipos de arquivamento.
Criterios de arquivamento: alfabético, numérico, cronolóxico, xeográfico, etc.

Contidos
Técnicas básicas de xestión de arquivos.
Documentos básicos en operacións de compravenda: fichas de clientela, pedidos, albarás e notas de entrega, recibos e facturas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Comunicación telefónica no ámbito profesional	43.5

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Comunícase telefonicamente, no ámbito profesional, distinguindo a orixe e o destino de chamadas e mensaxes	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñecéronse os equipamentos de telefonía
CA1.2 Valoráronse as opcións da central telefónica
CA1.3 Atendéronse as chamadas telefónicas seguindo os protocolos establecidos
CA1.4 Deriváronse as chamadas telefónicas cara ao/á destinatario/a final
CA1.5 Informouse da orixe da chamada o/a destinatario/a final desta
CA1.6 Cubríronse notas de aviso telefónico de xeito claro e preciso
CA1.7 Demostrouse interese en utilizar os equipamentos telefónicos dunha maneira eficaz
CA1.8 Amosouse cortesía e prontitude na atención ás chamadas telefónicas

4.3.e) Contidos

Contidos
Medios e equipamentos telefónicos.
Funcionamento dunha central telefónica básica.
Protocolo de actuación ante as comunicacións telefónicas.
Recollida e transmisión de mensaxes telefónicas.
Normas básicas de conduta e pasos que se deben seguir nas comunicacións telefónicas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Protocolo de recepción de persoas externas á organización	43.5

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recibe persoas externas á organización recoñecendo e aplicando normas de protocolo	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificáronse as normas de cortesía e aplicouse o protocolo de saúdo, presentación e despedida
CA2.2 Empregouse unha linguaxe cortés e apropiada segundo a situación
CA2.3 Diferenciáronse costumes característicos doutras culturas
CA2.4 Informouse previamente de datos salientables da persoa esperada
CA2.5 Identificouse ante a visita e solicitouse a información necesaria desta

Criterios de avaliación

CA2.6 Notifícase ao/á destinatario/a da visita a chegada desta e transmitíronse os datos identificativos

CA2.7 Transmítiuse durante a comunicación a imaxe corporativa da organización

CA2.8 Demostrouse interese por ofrecer un trato personalizado

4.4.e) Contidos**Contidos**

Definición de protocolo.

Normas de protocolo de recepción. Presentacións.

Imaxe corporativa.

Normas de cortesía.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Unidade formativa 1: Reprografía e arquivamento

BC1. Reprografía de documentos

- Equipamentos de reprodución de documentos. Multicopista: concepto e clases. Fotocopiadora: concepto, características, cadro de control e carga de papel.
- Identificación das anomalías máis frecuentes nos equipamentos de reprodución.
- Mantemento, limpeza e precaucións cos equipamentos de reprodución.
- Reprodución de documentos.
- Ferramentas de encadernación básica.
- Utilización de ferramentas de corte de documentos (cisalla, guillotinas, etc.).
- Plastificadoras de documentos: definición.
- Medidas de seguridade.

BC2. Iniciativa emprendedora nos labores de reprografía

- A persoa emprendedora nas labores de reprografía.



- Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación nos labores de reprografía.
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada cos labores de reprografía.

BC3. Arquivamento de documentos

- Arquivamento convencional. Tipos de arquivamento.
- Criterios de arquivamento: alfabético, numérico, cronolóxico, xeográfico, etc.
- Técnicas básicas de xestión de arquivos.
- Documentos básicos en operacións de compravenda: fichas de clientela, pedidos, albarás e notas de entrega, recibos e facturas.

Unidade formativa 2: Comunicación telefónica e protocolo

BC1. Comunicación telefónica no ámbito profesional

- Medios e equipamentos telefónicos.
- Funcionamento dunha central telefónica básica.
- Protocolo de actuación ante as comunicacións telefónicas.
- Recollida e transmisión de mensaxes telefónicas.
- Normas básicas de conduta e pasos que se deben seguir nas comunicacións telefónicas.

BC2. Recepción de persoas externas á organización

- Definición de protocolo.
- Normas de protocolo de recepción. Presentacións.
- Imaxe corporativa.
- Normas de cortesía.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Criterios de cualificación

70% exame teórica e práctica

30% traballos e exercicios prácticos realizados na clase e entregados na data estipulada.

Trimestralmente presentarase ó alumno unha nota que aparecerá no boletín e que se obterá do seguinte xeito:

1º Probas obxectivas. Como regra xeral realizaranse 2 (ou mais por avaliación si fora necesario) , promediaran en proporción ao contido. Nestas probas escritas o alumno deberá demostrar que coñece suficientemente os contidos. Para superar os exames será necesario sacar un 5 sobre 10, ponderándose o resultado nun 70%. A cualificación das probas escritas estará composta pola media aritmética das probas escritas realizadas.

2º Traballos realizados. Actividades e exercicios realizados na clase e traballos realizados polo alumno fóra de clase, que nos permiten avaliar a participación activa e constante, progresión individual e nivel de

rendemento alcanzado.

As actividades indicadas ó alumnado poderán realizarse segundo as instrucións do profesor/a na clase ou na casa.

Do mesmo xeito segundo as instrucións do profesor/a, poderán ser realizadas de forma individual ou en grupo.

Ao longo do curso o profesor/a enviará por correo electrónico ou entregará aos alumnos diferentes actividades para a súa realización. Estas considéranse imprescindibles para aprobar a avaliación, polo tanto, si non se entregan ou non se realizan correctamente, a avaliación estará suspensa, independentemente da cualificación obtida nos demais instrumentos. A calificación obtida nesta parte será ponderada nun 30% sobre a calificación total da avaliación. A cualificación desta parte estará composta polas revisións feitas polo profesor ós alumnos do traballo que realizan sobre os exercicios e traballos propostos.

Cando a ausencia a clase se produza o día en que vaia a levarse a cabo un control, exame ou entrega de traballo, será necesaria a presentación dun xustificante legal para ter dereito a realizar dita proba ou entregar o traballo noutro momento.

As cualificacións expresaranse en número do 1 ó 10, sen decimales. Nos exames incluírase ó principio de cada pregunta a puntuación ou porcentaxe da cualificación final.

Nos exames o alumnado deberá demostrar que coñece suficientemente os contidos.

A cualificación de cada trimestre estará composto pola suma obtida en ambas probas (probas escritas e entrega de exercicios e traballos propostos polo profesor ó longo do trimestre).

Para superar a proba escrita será necesario obter un 5.

A nota final da convocatoria de xuño coincidirá ca nota da terceira avaliación, xa que a avaliación é continua.

Quenes non alcanzaran o 5 deberán recuperar a avaliación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos que teñan pendente a 1ª avaliación, poderán recuperala mediante unha proba escrita que se celebrará no segundo trimestre, sempre e cando supere dita proba con un 5 sobre 10; así mesmo os alumnos que teñan pendentes a 2ª avaliación, poderán recuperala no 3º trimestre mediante unha proba escrita, e os que teñan suspenso o 3º trimestre, o profesor fará unha proba escrita antes da avaliación final de xuño que poderá superar obtendo unha cualificación de 5 sobre 10 en dita proba.

Cada unha destas probas de recuperación será sobre os contidos e exercicios prácticos pertencentes a 1ª, 2ª e 3ª avaliación respectivamente. O resultado destas probas de recuperación será ponderado nun 70% sobre o total da cualificación. O restante 30% da cualificación para poder recuperar a parte ou partes pendentes, serán as entregas de traballos e exercicios que se fagan ó longo dos trimestres pendentes.

Para poder superar positivamente os trimestres pendentes será necesario que o alumno obteña un 50% en cada unha das 2 partes nas que se divide a cualificación (proba práctica por unha banda e exercicios e traballos por outra). A non entrega dos exercicios e traballos pendentes, imposibilitará a obtención positiva da cualificación. A calificación estará formada pola suma obtida en ambas probas.

En xuño realizarase un exame final cos contidos pendentes dos diferentes trimestres, para aqueles alumnos que non superaran nin recuperaran algunha avaliación ou que non superaran ou recuperaran ningunha das avaliacións (nesta proba final, examinaráanse únicamente das avaliacións non superadas, salvo os que teñan pendentes todas as avaliacións, que deberán superar os contidos de todo o módulo). Os alumnos superarán o módulo se obteñen unha cualificación de 5 sobre 10 nesta proba, e se entreguen todos os exercicios e traballos propostos polo profesor ó longo do curso.

Para iso iráselles entregando ao longo do curso as seguintes actividades, e que no caso de ter algún trimestre pendente, terán que volver a entregar:

Actividades de repaso dos conceptos e procedementos.

Elaboración de mapas conceptuais e esquemas.

Realización de casos prácticos.

Traballos individuais.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para o alumnado con perda ó dereito á avaliación continua, que será aquel que supere ó 10% de faltas de asistencia non xustificadas sobre a duración total do módulo, a avaliación final extraordinaria do módulo consistirá na realización de varias probas co obxectivo de comprobar que este acade os contidos mínimos recollidos nesta programación. As probas que deberá realizar serán as seguintes:

- Unha proba escrita na que o alumno/a debe demostrar o coñecemento dos contidos incluídos nas distintas unidades didácticas así como exercicios prácticos que se inclúen nesta programación.
- Realización dunhas actividades, que deberán ser previamente entregadas a profesora e que serán tamén avaliadas.

Para superar o módulo, o alumnado deberá acadar un mínimo de cinco puntos sobre dez en cada unha das dúas partes (70% será a ponderación da proba escrita e o 30% a entrega de exercicios e traballos propostos polo profesor ó longo de todo o curso).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente, o profesor rexistrará diariamente, ó longo de todo o curso, todo o feito durante a clase (explicacións teóricas, exercicios, prácticas, actividades de avaliación) na propia programación para cada unidade didáctica. Isto vai permitir observar a facilidade ou dificultade coa que o alumnado acaden os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación previstos no módulo e poder flexibilizar a programación de cara a cursos posteriores, podendo variar aspectos como a secuencia, profundidade e tempo asignado a cada unidade didáctica.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación do alumnado dos ciclos de formación profesional básica terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas.

Avaliación inicial. Ao comezo do curso realizarase co alumnado unhas cuestións orais e/ou escritas sobre aspectos básicos relacionados co módulo. Esta proba vai servir para coñecer o punto de partida do alumnado. Hai que ter en conta, que a súa formación inicial nos contidos que se van a impartir é algúns casos non existe.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As diferenzas existentes entre os distintos alumnos/as son evidentes: as características persoais, a súa forma de motivarse para optimizar o seu proceso de ensino-aprendizaxe, as súas capacidades intelectuais, e ata o seu contorno familiar, son factores que poden contribuír ao éxito ou fracaso.

Estes factores deben ser tidos en conta garantindo, na medida das nosas posibilidades, que todos adquiran os resultados de aprendizaxe mediante a realización de distintas actividades, a utilización doutros materiais didácticos e o apoio individual durante o desenvolvemento das mesmas, naqueles casos que sexa necesario.

Intentarase tamén, en algúns casos, flexibilizar o ciclo de formación profesional básica para que o alumnado co necesite, faga o ciclo en tres anos.

Tamén se lle proporcionará material extra, outras fontes onde se expoñen os contidos, bibliografía complementaria e boletíns de actividades de reforzo.

Para os traballos en grupo intentarase que colaboren con compañeiros/as aos que lle custe acadar os obxectivos para contrastar ideas e resolver dúbidas.

Todo isto será de aplicación cando o alumno preste atención e mostre interese polo aprendizaxe do impartido no módulo.

O alumno/a que reciba estas medidas de reforzo educativo, ao final do módulo profesional, deberá demostrar, igual que o resto dos alumnos, que acadou os contidos mínimos esixibles para lograr a avaliación positiva e os criterios de cualificación esixibles.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

En primeiro lugar, en cada actividade inclúense precaucións e recomendacións para tomar as medidas de seguridade e hixiene que sexan necesarias. O manexo do computador entraña riscos, principalmente para a vista e para as costas, sen esquecer os riscos psicolóxicos derivados do seu abuso.

Ademais ao alumno váiselle a valorar a organización do seu posto de traballo e das actividades que realiza.

Co obxectivo dunha educación non sexista o profesor evitará comportamentos que se deriven da asignación de roles en función do sexo do alumno á hora de repartirse as tarefas.

Outros puntos a tratar son:

¿ Fomento da reciclaxe, tanto en material escolar como en material informático.

¿ Consideración das leis de protección de datos.

¿ Educación para o consumidor: Comercio Electrónico; as actualizacións de software online melloran as posibilidades do Consumidor/Distribución de software a través da rede.

¿ Educación moral e cívica: respecto polas leis de ordenación.; toma de medidas para a seguridade da rede fronte a intrusos, actos de vandalismo, Hackers, etc.; utilización de redes, servizos de información e bases de datos públicas .

Educación para o traballo: técnicas de intercambio de información corporativa, Intranet/Internet.

Educación en valores Democráticos.

. Educación para a igualdade de oportunidades.

. Educación para a paz.

. Educación ambiental.

. Educación moral e cívica.

Educación para a saúde.

Educación sexual.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse en función da integración do alumnado. De ser así:



Visita a Correos Oficina principal de Santiago.

Visita o Instituto galego de consumo

Banco de alimentos

Visita o Concello de Compostela.

Visita a Coca Cola en A Coruña.

Visita a GADISA en Betanzos.

Ver películas adaptadas ó perfil do alumnado na Sala NUMAX, en Santiago de Compostela.

Obras de teatro de interese para o alumnado que se celebren no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Outras que xurdan o longo do curso.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CBADG11	Servizos administrativos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3005	Atención á clientela	2023/2024	3	58	69

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSÉ AYASO COSTOYA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para realizar as actividades da competencia xeral do título profesional básico en Servizos Administrativos que consiste en realizar tarefas administrativas e de xestión básicas, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais, de seguridade e de hixiene no traballo, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

O currículo adaptase ás tecnoloxías mais empregadas nas empresas de Santiago de Compostela e os seus arredores onde algun alumnado prestarán os seus servizos o rematar o Ciclo formativo de formación profesional e acaden todos os resultados de aprendizaxe establecidos no currículo.

As competencias profesionais, persoais e sociais, e as competencias para a aprendizaxe permanente do título de profesional básico en Servizos Administrativos son as que se relacionan:

- a) Preparar equipamentos e aplicacións informáticas para levar a cabo a gravación, o tratamento e a impresión de datos e textos, asegurando o seu funcionamento.
- b) Elaborar documentos mediante as utilidades básicas das aplicacións informáticas dos procesadores de texto e follas de cálculo, aplicando procedementos de escritura ao tacto con exactitude e rapidez.
- c) Realizar tarefas básicas de almacenamento e arquivamento de información e documentación en soportes dixital e convencional, de acordo cos protocolos establecidos.
- d) Realizar labores de reprografía e encadernamento básico de documentos, de acordo cos criterios de calidade establecidos.
- e) Tramitar correspondencia e paquetería interna ou externa, utilizando os medios e os criterios establecidos.
- f) Realizar operacións básicas de tesouraría, utilizando os documentos axeitados en cada caso.
- g) Recibir e realizar comunicacións telefónicas e informáticas transmitindo con precisión a información encomendada segundo os protocolos e a imaxe corporativa.
- h) Realizar as tarefas básicas de mantemento do almacén de material de oficina, preparando os pedidos que aseguren un nivel de existencias mínimo.
- i) Atender a clientela utilizando as normas de cortesía e demostrando interese e preocupación por resolver satisfactoriamente as súas necesidades.
- j) Resolver problemas predicibles relacionados cos ámbitos físico, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas e sociais.
- k) Actuar de xeito saudable en contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.
- l) Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental, diferenciando as consecuencias das actividades cotiáns que poidan afectar o equilibrio do ambiente.
- m) Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e da comunicación.
- n) Actuar con respecto e sensibilidade cara á diversidade cultural, o patrimonio histórico-artístico e as manifestacións culturais e artísticas, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.
- ñ) Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega e castelá.
- o) Comunicarse en situacións habituais de carácter laboral, persoal e social, utilizando recursos lingüísticos básicos en lingua estranxeira.
- p) Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir de información histórica e xeográfica ao seu dispor.
- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.

- r) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.
- s) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.
- t) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.
- u) Cumprir as normas de calidade e de accesibilidade e deseño universais que afectan a súa actividade profesional.
- v) Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa actividade profesional.
- w) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Relación de cualificacións e unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

Cualificacións profesionais completas:

a) Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais, ADG305_1, que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0969_1: realizar e integrar operacións de apoio administrativo básico.

UC0970_1: transmitir e recibir información operativa en xestións rutineiras con axentes externos da organización.

UC0971_1: realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivamento en soporte convencional ou informático.

b) Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos, ADG306_1, que abrangue as seguintes unidades de competencia:

UC0973_1: introducir datos e textos en terminais informáticos en condicións de seguridade, calidade e eficiencia.

UC0974_1: realizar operacións básicas de tratamento de datos e textos, e confección de documentación.

UC0971_1: realizar operacións auxiliares de reprodución e arquivamento en soporte convencional ou informático.

Cualificacións profesionais incompletas:

Actividades auxiliares de comercio, COM412_1

UC1329_1: proporcionarlle atención e información operativa, estruturada e protocolizada á clientela.

UC1326_1: preparar pedidos de xeito eficaz e eficiente, seguindo procedementos establecidos.

Contorno profesional:

Estas persoas exercen a súa actividade por conta allea en centros, oficinas, despachos e departamentos administrativos ou comerciais de calquera tipo de empresa ou entidade de carácter privado ou público, en todos os sectores produtivos.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Auxiliar de oficina.

Auxiliar de servizos xerais.

Auxiliar de arquivo.

Ordenanza.

Auxiliar de información.

Telefonista en servizos centrais de información.
 Clasificador/ora e/ou repartidor/ora de correspondencia.
 Gravador/ora-verificador/ora de datos.
 Auxiliar de dixitalización.
 Operador/ora documental.
 Auxiliar de venda.
 Auxiliar de dependente de comercio.
 Operador/ora de cobramento ou caixeiro/a.

A formación do módulo de Atención a clientela relacionase co birectivo xeral i) do ciclo formativo e coa competencia profesional i) do título.

Este módulo profesional contén a formación asociada a función de atención e servizo ao cliente, tanto na información previa como na posvenda do produto ou servizo

O rematar es módulo o alumno será capaz de:

- Atender o cliente
- Recoñecer as técnicas de comunicación
- Informar das posibilidades dos servizos
- Coñecer as técnicas de venda
- Valorar a iniciativa emprendedora
- Tratar as posibles reclamacións

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Comunicación e atención á clientela	Proceso de atención e técnicas de comunicación	18	25
2	O vendedor e técnicas de venda	Características do vendedor e técnicas de venda	14	20
3	Información a clientela	Información sobre os servizos realizados	18	25
4	Iniciativa emprendedora e riscos	Capacidade do emprendedor e riscos laborais	9	15

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Tratamento de reclamacións	Xestionar as reclamacións	10	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Comunicación e atención á clientela	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Atende posible clientela, recoñecendo as técnicas de comunicación	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analízase o comportamento da clientela posible
CA1.2 Adaptáronse adecuadamente a actitude e o discurso á situación de partida
CA1.3 Obtívose a información necesaria da posible clientela
CA1.4 Favoreceuse a comunicación co emprego de técnicas e actitudes apropiadas ao desenvolvemento desta
CA1.5 Mantívose unha conversa utilizando as fórmulas, os léxico comercial e os nexos de comunicación (pedir aclaracións, solicitar información, pedir a alguén que repita, etc.)
CA1.6 Deuse resposta a unha pregunta de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado
CA1.7 Expresouse oralmente un tema prefixado ante un grupo ou nunha relación de comunicación na que interveñen dous/dúas interlocutores/as
CA1.8 Mantívose unha actitude conciliadora e sensible cara ás demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato

Criterios de avaliación

CA1.9 Transmítese información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa

4.1.e) Contidos
Contidos

Proceso de comunicación. Axentes e elementos que interveñen.

Barreiras e dificultades comunicativas.

Comunicación verbal: emisión e recepción de mensaxes orais.

Motivación, frustración e mecanismos de defensa. Comunicación non verbal.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O vendedor e técnicas de venda	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Comunica á posible clientela as posibilidades do servizo e xustificaas desde o punto de vista técnico	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA2.1 Analízase a tipoloxía de público

CA2.2 Diferenciase clientela de provedores/as e do público en xeral

Criterios de avaliación
CA2.3 Recoñeceuse a terminoloxía básica de comunicación comercial
CA2.4 Diferenciouse entre información e publicidade
CA2.5 Adecuáronse as respostas en función das preguntas do público
CA2.6 Informouse a clientela acerca das características do servizo, nomeadamente das calidades esperables
CA2.7 Asesorouse a clientela sobre a opción máis recomendable, cando existan varias posibilidades, e informouse das características e dos acabamentos previsibles de cada unha
CA2.8 Solicitouse á clientela que comunique a elección da opción elixida

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>O/a vendedor/ora: características, funcións e actitudes; calidades e aptitudes para a venda e o seu desenvolvemento.</p> <p>Exposición das calidades dos produtos e servizos.</p> <p>O/a vendedor/ora profesional: modelo de actuación. Relacións coa clientela.</p> <p>Técnicas de venda.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Información a clientela	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Informa a probable clientela do servizo realizado e xustifica as operacións executadas	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Fíxose entrega á clientela dos artigos procesados e informouse dos servizos realizados nos artigos
CA3.2 Transmíronse á clientela, de maneira oportuna, as operacións que cumpra levar a cabo nos artigos entregados e os tempos previstos para iso
CA3.3 Identifícanse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto
CA3.4 Recolleuse a conformidade da clientela co acabado obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións
CA3.5 Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela
CA3.6 Mantívose sempre o respecto cara á clientela
CA3.7 Intentouse a fidelización da clientela co bo resultado do traballo
CA3.8 Definiuse o período de garantía e as obrigas legais aparelladas

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Papeis, obxectivos e relación entre profesionais e a clientela.</p> <p>Tipoloxía de clientela e a súa relación coa prestación do servizo.</p> <p>Atención personalizada como base da confianza na oferta de servizo.</p> <p>Necesidades e gustos da clientela, e criterios para a súa satisfacción.</p> <p>Obxeccións da clientela e o seu tratamento.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Iniciativa emprendedora e riscos	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados do servizo de atención á clientela	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da atención á clientela
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da atención á clientela
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela

4.4.e) Contidos

Contidos
A persoa emprendedora no servizo de atención á clientela.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na actividade de atención á clientela.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa atención á clientela.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Tratamento de reclamacións	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Atende reclamacións de posible clientela e recoñece o protocolo de actuación	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Ofrecéronse alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable
CA5.2 Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións
CA5.3 Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso
CA5.4 Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación
CA5.5 Cubriuse unha folla de reclamación
CA5.6 Compartiuse información co equipo de traballo

4.5.e) Contidos

Contidos
Técnicas utilizadas na actuación ante reclamacións. Xestión de reclamacións. Alternativas reparadoras. Elementos formais que contextualizan unha reclamación.
Documentos necesarios ou probas nunha reclamación. Procedemento de recollida das reclamacións.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>MINIMOS EXIXIBLES:</p> <p>UD 1</p> <ul style="list-style-type: none"> - Analizouse o comportamento da posible clientela. - Obtívose a información necesaria da posible clientela. - Favoreceuse a comunicación co emprego de técnicas e actitudes apropiadas ao desenvolvemento desta. - Mantívose unha conversa utilizando as fórmulas, os léxico comercial e os nexos de comunicación (pedir aclaracións, solicitar información, pedir a alguén que repita, etc.) - Expresouse oralmente un tema prefixado ante un grupo ou nunha relación de comunicación na que interveñen dous/dúas interlocutores/as
--

- Transmítese información con claridade, de xeito ordenado e con estrutura clara e precisa.

UD 2

- Analízase a tipoloxía de público
- Diferenciouse clientela de provedores/as e do público en xeral.
- Recoñécese a terminoloxía básica de comunicación comercial.
- Diferenciouse entre información e publicidade
- Adecuáronse as respostas en función das preguntas do público.
- Informouse a clientela acerca das características do servizo, nomeadamente das calidades esperables
- Asesorouse a clientela sobre a opción máis recomendable, cando existan varias posibilidades, e informouse das características e dos acabamentos previsibles de cada una.

UD 3

- Identifícanse os documentos de entrega asociados ao servizo ou produto
- Recolleuse a conformidade da clientela co acabado obtido e, en caso contrario, tomouse nota adecuadamente das súas obxeccións.
- Valorouse a pulcritude e a corrección, tanto no vestir como na imaxe corporal, elementos clave na atención á clientela.
- Mantívose sempre o respecto cara á clientela.

UD 4

- Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para o desenvolvemento da atención á clientela.
- Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito da atención á clientela.

UD5

- Ofrecéronse alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar, así como o nivel de probabilidade de modificación esperable.
- Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións.
- Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso.
- Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación.
- Cubriuse unha folla de reclamación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Calificaranse de forma individual cada Unidade Didáctica. A calificación de cada evaluación será a media ponderada das Unidades Didácticas rematadas nesa evaluación. A nota final do módulo será a media ponderada de tódalas Unidades Didácticas do módulo (tendo en conta o peso que ten cada unha delas). É necesario obter polo menos un 5 sobre 10 en cada Unidade Didáctica para poder aprobar a avaliación parcial e finalmente o módulo.

No caso de presencialidade nas aulas:

A calificación de cada Unidade Didáctica farase tendo en conta os seguintes instrumentos:- Probas obxectivas escritas ou orais (exames): Terán un peso do 70% da cualificación da unidade. Valorarase de 0 a 10. É necesario obter un mínimo de 5 para poder superar a Unidade Didáctica. Se hai varios exames nunha unidade didáctica farase a media coa ponderación que lles corresponda.

- Tarefas individuais e/ou en grupos: Terán un peso do 30%.

No caso de detectar calquer comportamento fraudulento nos exames realizados ou nas tarefas entregadas, estas non serán corrixidas e puntuaranse cun 0.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Durante o período ordinario, para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades para aqueles alumnos/as que non acaden unha calificación positiva nas unidades didácticas correspondentes. Estas actividades de recuperación, consistirán na realización de exames teórico-prácticos ou traballos sobre aqueles aspectos que non superaron.

Para o alumnado que non recupere as avaliacións trimestrais e non podan acceder á FCT, desenvolveranse sesións de repaso necesarias para poder superar o módulo nas probas finais de xuño, que consistirán nun exame-teórico práctico ou traballos individuais sobre cada avaliación pendente.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación continua do alumno/a require a asistencia regular ás clases. Quen teña un total de faltas de asistencia non xustificadas a clase superior ó 10% do total de horas do módulo, perderá o dereito a presentarse as probas obxectivas parciais de cada unidade didáctica e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se houberse presentado.

Estes alumnos/as serán avaliados mediante unha proba extraordinaria de avaliación sobre os contidos mínimos exixibles reflectidos na programación do módulo. A nota final formarase unicamente coa nota desta

proba final e deberán obter unha nota mínima de 5 sobre 10, para superar o módulo. Esta proba de avaliación extraordinaria, será previa á avaliación final do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Teñen como obxectivo corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas, cando xurdan situacións non previstas durante o curso. Para realizar este seguimento terase en conta tódalas actividades previstas; si se impartiron os contidos previstos así como si os obxectivos foron suficientemente alcanzados. O seguimento global da programación farase mensualmente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Unhas semanas despois do comezo do curso, o equipo docente celebrará unha xuntanza de Avaliación inicial para coñecer as características e a formación de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre cada alumno e en base a esa información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización ou de atención individual necesaria si se dera o caso.

Neste módulo, ao comenzar o curso, pasarase un cuestionario de avaliación inicial para detectar os coñecementos previos, intereses e motivacións que pode ter cada alumno.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos nos que o alumnado non acade os obxectivos mínimos esixidos en cada avaliación estableceranse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos na programación. Estas medidas consistiran en prestar apoio especial por parte do profesorado, modificarase o xeito de exposición, utilizaranse metodoloxías co obxecto de adaptalas a realidade do alumno e se non é capaz de rematar as actividades na clase, ofreceranse mecanismos ou ferramentas para que poda entregalas dende casa.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc. ... continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de todas as etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) integranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

- Educación para a convivencia. Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo coma maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.
- Educación para a saúde. Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.
- Educación para a paz. Fomentar a relación con outras persoas e participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais. Poderase visualizar algunha película ou documental, intentando incluír aspectos clave como a inclusión social LGTBI+.
- Educación do consumidor. Trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, tentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ao consumo e os mecanismos do mercado.
- Educación non sexista. Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua ou das imaxes tentando resolver a discriminación mediante formas axeitadas. Poderase visualizar algunha película para reforzar o aprendizaxe.
- Educación ambiental. A través da visualización de documentos televisivos reflexionárase sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.

Tratárase de transmitir valores tamén profesionais para que se adapten ao mundo empresarial.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Xunto co departamento, promoveranse actividades complementarias como poderían ser visitas a organismos ou entidades públicas, visitas a empresas do noso entorno...

Este ano farase tendo en conta a pandemia existente e o protocolo establecido no propio instituto con respecto a prevención da difusión do virus.



10. Outros apartados

10.1) Explicación da programación

Unha vez pechada a programación, o profesor explicará na clase os aspectos máis relevantes da mesma, facendo especial fincapé no número de unidade didácticas e temporalización, nos criterios de cualificación e mínimos para alcanzar unha avaliación positiva e nos procedementos de recuperación das partes non superadas.

Indicarase ao alumnado onde poderá descargar e consultar a programación.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027058	As Fontiñas	Santiago de Compostela	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CBADG11	Servizos administrativos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3006	Preparación de pedidos e venda de produtos	2023/2024	5	113	135

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DEL PILAR PÉREZ MOURIÑO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Perfil profesional

Competencia xeral do título

A competencia xeral do título profesional básico en Servizos Administrativos consiste en realizar tarefas administrativas e de xestión básica, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais, de seguridade e hixiene no traballo, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

Competencia do título

As competencias profesionais, persoais e sociais, e as competencia para a aprendizaxe permanente do título de profesional básico en Servizos Administrativos son as que se relacionan:

- a) Preparar equipamentos e aplicacións informáticas para levar a cabo a gravación, o tratamento e a impresión de datos e textos, asegurando o seu funcionamento.
- b) Elaborar documentos mediante as utilidades básicas das aplicacións informáticas dos procesadores de textos e follas de cálculo, aplicando procedementos de escritura ao tacto con exactitude e rapidez.
- c) Realizar tarefas básicas de almacenamento e arquivamento da información e documentación en soportes dixital e convencional, de acordo cos protocolos establecidos.
- d) Realizar labores de reprografía e encuadernamento básico de documentos, de acordo cos criterios de calidade establecidos.
- e) Tramitar correspondencia e paquetería interna ou externa, utilizando os medios e os criterios establecidos.
- f) Realizar operacións básicas de tesouraría, utilizando os documentos axeitados en cada caso.
- g) Recibir e realizar comunicacións telefónicas e informáticas transmitindo con precisión a información encomendada segundo os protocolos e a imaxe corporativa.
- h) Realizar as tarefas básicas de mantemento do almacén de material de oficina, preparando os pedidos que aseguren un nivel de existencias mínimo.
- i) Atender á clientela utilizando as normas de cortesía e demostrando interese e preocupación por resolver satisfactoriamente as súas necesidades.
- j) Resolver problemas predicibles relacionados cos ámbitos físico, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas e sociais.
- k) Actuar de xeito saudable en contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.
- l) Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental, diferenciando as consecuencias das actividades cotiáns que poidan afectar o equilibrio do ambiente.
- m) Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e a da comunicación.
- n) Actuar con respecto e sensibilidade á diversidade cultural, o patrimonio histórico artístico e as manifestacións culturais, apreciando o seu uso como fonte de enriquecemento persoal e social.
- ñ) Comunicarse con claridade, precisión e fluidez en contextos sociais ou profesionais e por diferentes medios, canles e soportes ao seu alcance, utilizando e adecuando recursos lingüísticos orais e escritos propios das linguas galega e castelá.
- o) Comunicarse en situacións habituais de carácter laboral, persoal e social, utilizando os recursos lingüísticos básicos en lingua estranxeira.
- p) Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir da información histórica e xeográfica ao seu dispor.
- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.

- r) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.
- s) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.
- t) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.
- u) Cumprir as normas de calidade e de accesibilidade e deseño universais que afectan a súa actividade profesional.
- v) Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa actividade profesional
- w) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

O perfil do Título Profesional Básico en Servizos Administrativos desenvolve as seguintes Cualificacións Profesionais completas:

* ADG305_1: Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais.

* ADG306_1: Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos.

Á súa vez desenvolve a Cualificación Profesional incompleta:

*COM402_1: Actividades auxiliares de comercio.

Así mesmo, o módulo profesional de Preparación de Pedidos e Venda de Produtos está vinculado á unidade de competencia UC1326_1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais:

* UC1326_1: Preparar pedidos de forma eficaz e eficiente, seguindo procedementos establecidos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Asesoramento no punto de venda	Análise das fases do proceso de atención á clientela e dos períodos de garantía, así como das principais técnicas de venda.	30	20
2	Conformación de pedidos de mercadorías e produtos	Estudo do concepto e características dos produtos, os principais documentos de compravenda relacionados co almacén e os métodos de preparación de pedidos.	30	25
3	Preparación de pedidos para a expedición	Análise dos procesos que se desenvolven na expedición de mercancías	55	35
4	Seguimento do servizo posvenda	Desenvolvemento dos conceptos clave do servizo postvenda	20	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Asesoramento no punto de venda	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Asesora sobre as características dos produtos solicitados e selecciona as mercadorías requiridas de acordo coas instrucións establecidas	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse as fases do proceso de atención á clientela e preparación de pedidos en comercios, grandes superficies, almacéns e empresas ou departamentos de loxística
CA1.2 Aplicáronse técnicas de comunicación adecuadas ao público obxectivo do punto de venda, adaptando a actitude e discurso á situación de partida, obtendo a información necesaria da posible clientela
CA1.3 Déronse respostas a preguntas de doada solución, utilizando o léxico comercial axeitado
CA1.4 Mantívose unha actitude conciliadora e sensible coas demais persoas, demostrando cordialidade e amabilidade no trato e transmitindo a información con claridade e de xeito estruturado e preciso
CA1.5 Informouse a posible clientela das características dos produtos, nomeadamente das calidades esperables e das formas de uso e consumo, argumentando sobre as súas vantaxes e comunicando o período de garantía
CA1.6 Relacionáronse as operacións de cobramento e devolución coa documentación das posibles transaccións

4.1.e) Contidos

Contidos
Fases do proceso de atención á clientela e de preparación de pedidos.
Períodos de garantía. Requisitos para que a garantía sexa efectiva.

Contidos
Documentación relacionada coas operacións de cobramento e devolución.
Técnicas básicas de venda. Técnicas de pechamento de vendas.
Atención á clientela.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Conformación de pedidos de mercadorías e produtos	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Conformar pedidos de acordo cos requisitos da posible clientela, aplicando técnicas de medición e pesaxe mediante ferramentas manuais e terminais específicos	NO
RA3 - Preparar pedidos para a súa expedición aplicando procedementos manuais e automáticos de embalaxe e etiquetaxe mediante equipamentos específicos	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse as recomendacións básicas de seguridade, hixiene e saúde na manipulación, na conservación e na embalaxe de pedidos de mercadorías ou produtos, interpretando correctamente a simboloxía relacionada
CA2.1.1 Identificáronse os tipos de produtos e os seus elementos identificativos (envase, etiquetado e marca)
CA2.2 Interpretouse a información contida en ordes de pedido tipo e cubríronse os documentos relacionados (follas de pedido, albarás, ordes de repartición, "packing list", etc.)
CA2.4 Descríronse as características dun TPV e os procedementos para a utilización de medios de pagamento electrónicos
CA2.5 Realizáronse operacións de pesaxe e medición coas ferramentas e os equipamentos requiridos
CA2.6 Identificáronse os documentos de entrega asociados á venda e ás devolucións, realizando, de ser o caso, pechamentos de caixa
CA3.1 Descríronse os pasos e os procedementos xerais para a preparación de pedidos (selección, agrupamento, etiquetaxe e presentación final)

Criterios de avaliación

CA3.5 Manexouse coa precisión requirida os equipamentos de pesaxe e/ou contaxe manual e/ou mecánica, utilizando as unidades de medida e peso especificadas nas ordes de pedido

4.2.e) Contidos
Contidos

Tipos de mercadorías e produtos: características.

Pictogramas de mercadorías. Pictogramas de manipulación.

Métodos de preparación de pedidos: manuais, semiautomáticos e automáticos.

Pesaxe, colocación e visibilidade. Equipamentos de pesaxe.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Preparación de pedidos para a expedición	55

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Conforma pedidos de acordo cos requisitos da posible clientela, aplicando técnicas de medición e pesaxe mediante ferramentas manuais e terminais específicos	NO
RA3 - Prepara pedidos para a súa expedición aplicando procedementos manuais e automáticos de embalaxe e etiquetaxe mediante equipamentos específicos	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA2.1 Aplicáronse as recomendacións básicas de seguridade, hixiene e saúde na manipulación, na conservación e na embalaxe de pedidos de mercadorías ou produtos, interpretando correctamente a simboloxía relacionada

Criterios de avaliación
CA2.3 Descríbense os danos que poden sufrir as mercadorías ou os produtos durante a súa manipulación para a conformación e preparación de pedidos
CA2.7 Aplícanse as normas básicas de prevención de riscos laborais, utilizando os equipamentos de protección individual relacionados coa manipulación de mercadorías e produtos
CA2.8 Aplícanse as normas básicas de prevención de riscos laborais relacionados coa manipulación de mercadorías e produtos
CA3.2 Identifícanse os principais tipos de envases e embalaxes, tendo en conta as súas relacións coas características físicas e coas técnicas dos produtos ou das mercadorías que conteñen
CA3.3 Utilízanse os criterios de etiquetaxe establecidos, consignando, de ser o caso, o número de unidades, a medida e/ou o peso das mercadorías ou dos produtos embalados
CA3.4 Tomáronse as medidas oportunas para reducir os residuos xerados polos procesos de embalaxe
CA3.6 Aplícanse as medidas e as normas de seguridade, hixiene e saúde establecidas, retirando os residuos xerados na preparación e na embalaxe

4.3.e) Contidos

Contidos
Manipulación e conservación de produtos. Recomendacións de seguridade, hixiene e saúde. Operativa básica na preparación de pedidos. Pasos e características. Documentación para a preparación de pedidos. Control do proceso: rastrexabilidade. Finalización de pedidos. Normas de prevención de riscos laborais de aplicación á preparación de pedidos. Accidentes e riscos habituais. Hixiene postural. Recomendacións na manipulación manual de cargas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Seguimento do servizo posvenda	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza o seguimento do servizo posvenda identificando as situacións posibles e aplicando os protocolos correspondentes	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbóronse as funcións do servizo posvenda
CA4.2 Identifícaronse os procedementos para tratar as reclamacións e os documentos asociados (formularios de reclamacións, follas de reclamacións, cartas, etc.)
CA4.3 Recoñecéronse os aspectos principais en que incide a lexislación en relación coas reclamacións
CA4.4 Ofrecéronse alternativas á clientela ante reclamacións doadamente corrixibles, expondo claramente os tempos e as condicións das operacións que cumpra realizar e o nivel de probabilidade de modificación esperable
CA4.5 Subministróuselle á clientela a información e a documentación necesarias para a presentación dunha reclamación escrita, de ser o caso
CA4.6 Recolléronse os formularios presentados pola clientela para a realización dunha reclamación, clasificáronse e transmitíuselle a súa información á persoa responsable do seu tratamento

4.4.e) Contidos

Contidos
Documentación relacionada coas operacións de cobramento e devolución.
Servizo posvenda.
Entrega de pedidos.
Reclamacións. Orientacións para tratar a clientela.
Documentos necesarios para a xestión de reclamacións.
Aspectos básicos da lei de ordenación do comercio retailista.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

*Asesoraronse sobre as características dos produtos e seleccionáronse as mercadorías requiridas, de acordo coas instrucións establecidas.

*Preparouse a documentación relacionada coa compravenda de produtos e realizárase o seu rexistro.

*Confeccionase unha lista de picking e recoñecese a simboloxía básica para a manipulación de produtos.

*Recoñecéronse as normas e as recomendacións dos embalaxes.

*Analizáronse as funcións do servizo posvenda e valorárase a importancia dunha reclamación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

O sistema de avaliación que se realizará será o seguinte:

Avaliación inicial:

Ten por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada un dos alumnos e alumnas, en relación aos contidos do módulo. Levarase a cabo mediante un cuestionario individual.

Avaliacións parciais:

Realizarase unha sesión de avaliación e cualificación en cada trimestre lectivo nas que se avaliará o proceso de ensino-aprendizaxe, para cuxo seguimento e valoración se utilizarán os seguintes instrumentos:

a) Cualificación do traballo desenvolvido na aula polos alumnos e alumnas mediante a observación do caderno de actividades

c) Cualificación dunha ou varias probas obxectivas de avaliación

Na cualificación do traballo desenvolvido valorárase aspectos como a limpeza, orde, rapidez, rigor, metodoloxía, ... na realización das actividades de ensino aprendizaxe.

Nas probas obxectiva valorárase a utilización de conceptos e a aplicación de procedementos na solución de problemas e a resolución de supostos prácticos. A composición desta proba reflicirá contidos conceptuais e procedimentais, ou exclusivamente conceptuais ou procedimentais.

Trimestralmente presentarase ao alumnado unha nota que aparecerá no boletín e que se obterá mediante a integración das probas obxectivas sobre os contidos das unidades didácticas, do traballo realizado na aula.

As probas obxectivas poderán conter tanto preguntas de teoría (que poderán ser cuestións ou preguntas tipo test) como supostos prácticos consistentes en resolver un suposto similar aos propostos na clase.

Deberase acadar 5 puntos sobre 10 no total da proba para considerar superados eses contidos. Cando as probas realizadas por trimestre sexan máis de unha, a nota trimestral de probas obxectivas será a media

ponderada.

O traballo desenvolvido na aula será avaliado por observación do caderno de actividades do alumno ou alumna e do arquivo da documentación do mesmo.

No caso de que un alumno/a sexa sorprendido copiando durante unha proba práctica ou escrita, obterá unha cualificación de cero, e suspenderá a avaliación que corresponda.

A nota de cada avaliación.: O peso da nota das probas obxectivas será do 80%, o do traballo na aula do 20% . A media ponderada redondearase por defecto se a parte decimal é inferior a 0,5 e por exceso se é igual ou superior.

O alumnado debe asistir ás probas escritas no día e hora acordados para a súa celebración. En caso de que non asista soamente poderá realizar a proba noutra data cando xustifique a ausencia á primeira por causas de forza maior ou problemas de saúde que lle impidan realizar as probas en condicións óptimas.

Pasando ao outro escenario posíbel e á modalidade de docencia semipresencial, que establece o punto vixésimo da Resolución de 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22, manteranse a totalidade de mínimos exixíbeis para alcanzar a avaliación positiva e os mesmos criterios de cualificación que aparecen nesta epígrafe e que foron enunciados anteriormente, combinando metodoloxía de docencia presencial con docencia telemática (modalidadesemipresencial) ou tan só mediante medios telemáticos. En calquera das dúas modalidades manterase o horario lectivo habitual do curso.

Para a parte non presencial da docencia semipresencial, serán utilizados mecanismos para o desenvolvemento das sesións lectivas mediante videoconferencia, a través da aplicación Teams, mantendo o horario lectivo habitual do módulo. Alén disto, poden ser convocadas sesións de tutoría mediante a ferramenta para videoconferencias Teams, no caso de ser necesarias.

En calquera destes escenarios mantaense os criterios de cualificación sinalados anteriormente, que dependendo da situación sanitaria, podería ser de maneira presencia ou a distancia.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non acadara unha cualificación igual ou maior que 5 nalgunha unidade didáctica deberá realizar as actividades de recuperación que propoña o profesor e realizar unha proba obxectiva de recuperación. A cualificación desta proba obxectiva de recuperación non será superior a 6 puntos.

O alumnado que na avaliación final previa FCT no acade unha avaliación positiva deberá presentarse á proba extraordinaria do módulo completo.

A proba extraordinaria do módulo terá lugar no mes de abril e consistirá nun exame teórico-práctico no que o alumnado deberá demostrar que acadou os resultados de aprendizaxe do módulo.

O alumnado debe asistir ás probas escritas no día e hora acordados para a súa celebración. En caso de que non asista soamente poderá realizar a proba noutra data cando xustifique a ausencia á primeira por

causas de forza maior ou problemas de saúde que lle impidan realizar as probas en condicións óptimas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ao finalizar o período lectivo deste módulo, farase una proba de avaliación extraordinaria para aquel alumnado que por falta de asistencia perdera o dereito á avaliación continua. Esta proba consistirá na resolución de supostos teórico-prácticos que determinarán se o alumno ou alumna acadou os resultados de aprendizaxe establecidos para este módulo.. Cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superar a avaliación deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5. A cualificación redondearase por defecto cando a parte decimal sexa inferior a 0,5 e por exceso cando sexa igual ou superior a 0,5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación trata de ser o suficientemente flexible e aberta para que se poidan facer os cambios necesarios para dar resposta ás diferenzas individuais nos estilos de aprendizaxe, motivacións e interese do alumnado, tratando de facer a evolución individualizada deste.

Semanalmente revisarase o seguimento desta programación co obxecto de arranxar, na medida do posible, as desviacións que puideran producirse.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación de cada alumna e alumno, así como as súas capacidades.

A través da avaliación inicial procuraranse detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, según proceda en cada caso concreto, asesorados polo Departamento de Orientación.

Os alumnos e as alumnas cumprimentarán cuestionarios e realizarán actividades orais e escritas que nos permitan ter información suficiente, de cara a ver se fora necesario aplicar algunha medida de reforzo educativo ou flexibilización modular. Esta decisión tomaríase na sesión de avaliación inicial, coas aportacións da totalidade do equipo docente do ciclo e o asesoramento do Dpto. de Orientación.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Consistirán basicamente nas seguintes:

-Flexibilización modular, no caso de que se acorde, para aquel alumnado que se prevexa que terá dificultades para superar todos os módulos.

-Actividades de reforzo, repaso e profundización segundo as necesidades de cada alumno/a e adaptación do ritmo de exposición dos novos contidos. Procurarase traballar algunhas actividades e contidos de xeito individual, se o número de alumnos o permite, utilizando distintas estratexias metodolóxicas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Programación de educación en valores.

A finalidade da educación é o desenvolvemento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais dos alumnos senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social.

Os temas transversais deben contribuír especialmente á educación en valores morais e cívicos do alumnado.

Son considerados temas transversais:

- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- Educación ambiental.
- Autoestima.
- Valores.
- Resolución de conflitos.
- Toma de decisións.
- Educación para a saúde.
- Educación vial.
- Educación do consumidor.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Inculcar ao alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.
- Lembrar as medidas de hixene e de protección fronte á Covid-19: uso obrigatorio da máscara, lavado das mans, distancia obrigatoria de 1,5 metros, ventilación da aula.....
- Insistir na necesidade de realizar un ritual de inicio e final de clase coa limpeza dos postos de traballo, ordenadores ou outros materiais en común.

Os temas transversais abondarán en todo o módulo mediante a concienciación de os alumnos/as para evitar discriminacións entre eles, intentado eliminar roles asignados tradicionalmente a un ou e outro sexo,

potenciando a aceptación por parte de todos e respectando as ideas dos demais; ou fomentando actitudes críticas ante o seu papel de consumidores de servizos públicos e privados.

Utilizarase a prensa para comentar noticias relacionadas co módulo e cos temas transversais citados.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita á aula do supermercado da Escola Galega de Consumo, que simula un supermercado real no que se traballa a compra responsable e crítica, o etiquetado alimentario, a pirámide dos alimentos e a publicidade no punto de venda.

Visita Coca-cola (A Coruña)

Visita Gadisa (Betanzos)

Visita Concello de Santiago

Visita Correos e telégrafos (Santiago de Compostela)

Cine Numax (Santiago de Compostela)

Salón teatro (Santiago de Compostela)

Visita á empresa Lácteos Ferrado Verde S.L en Santa Comba.

Visita o Banco de Alimentos de Santiago de Compostela.

Visita outras empresas

10.Outros apartados

10.1) Publicación

A Programación do módulo: Preparación de pedidos e venda de produtos estará a disposición do alumno na intranet do centro.

Na carpeta, Sharepoint. SEA2.